



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A UNIVERSIDADE INTERNACIONAL DA RIOJA - UNIR, PARA A COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA (IMELGA) E A UNIVERSIDADE INTERNACIONAL DA RIOXA (UNIR) NO ÁMBITO DA FORMACIÓN DAS PRACTICAS EXTERNAS DOS ESTUDANTES UNIVERSITARIOS.

Esta Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, no que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a colaboración entre o Imelga e máis a Universidade Internacional da Rioxa (UNIR) co obxectivo de promover e fomentar a empregabilidade entre os estudantes e egresados da universidade mediante a realización de prácticas externas, baixo o amparo que establece o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, e en tal senso establece o marco regulador da incorporación do estudantado en prácticas no ámbito das administracións públicas e privadas.

Antecedentes: A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e desenvolvida polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, pon unha especial énfase na realización de prácticas externas por parte do estudantado universitario, prevendo que os plans de estudos de grao conterán toda a formación teórica e práctica que este deba adquirir, entre a que se mencionan as prácticas externas. Neste marco legal, o Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, recoñece o dereito do estudantado de grao a dispoñer da posibilidade de realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que se poderán realizar en entidades externas e nos centros, estruturas e servizos da universidade, segundo a modalidade prevista, garantindo que serven para a finalidade formativa das mesmas, así como tamén a contar coa tutela efectiva, académica e profesional nas prácticas externas que se prevexan no plan de estudos. Con maior detalle, no seu artigo 24 regúlanse as prácticas académicas externas, as súas clases e as súas características xerais, así como a extensión da súa realización a todos os estudantes matriculados en calquera ensinanza impartida polas universidades e os centros adscritos a estas. O carácter formativo das ditas prácticas ten por obxectivo permitir que os alumnos apliquen e complementen os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

O Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Imelga, cunha filosofía de optimización dos recursos públicos, adopta unha solución organizativa peculiar, que consistiu en crear no Imelga só dous servizos (o de Patoloxía Forense e o de Clínica Médico-Forense), en lugar dos tres servizos previstos no Real decreto 386/1996. O terceiro servizo sería o Servizo de Laboratorio, que en Galicia non se creou. En lugar diso, o Regulamento do Imelga, aprobado polo dito Decreto 119/2005, do 6 de maio, recolle a posibilidade de establecer convenios de colaboración, como complemento á súa actividade.





Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Universidade Internacional da Rioxa (UNIR) o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia indefinida desde o día seguinte ao da súa sinatura.

O acordo de colaboración ten por obxecto establecer a vontade de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través do Instituto Galego de Medicina Legal de Galicia, e a Universidade Internacional da Rioxa (UNIR) para o establecemento dun programa de cooperación educativa a través do cal os estudantes da UNIR, matriculados en ensinos oficiais de grao ou conducentes á obtención dun título de máster universitario, poidan complementar a formación coa realización de prácticas profesionais e o desenvolvemento do traballo de fin de grao (TFG) ou do traballo de fin de máster (TFM).

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A Xunta de Galicia ten atribuídas competencias e funcións en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 74/2018 do 5 de xullo, no que se establece a súa estrutura orgánica.
- O Decreto 119/2005 polo que se crea o Imelga asígnalle a este a misión de auxiliar en materia de medicina forense os xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas do Rexistro Civil en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O Imelga e mais a UNIR desexan colaborar co obxectivo de promover e fomentar a empregabilidade entre os estudantes e egresados da universidade mediante a realización de prácticas externas.
- A Universidade Internacional da Rioxa (UNIR) é unha universidade online privada legalmente constituída e recoñecida oficialmente en España que ten entre outros obxectivos o impulsar a investigación, o desenvolvemento e a innovación e, dentro das súas actividades de colaboración coa contorna académica e educativa.

Financiamento: Este acordo non implica obrigas económicas nin compromisos de gastos para o orzamento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do acordo de colaboración para articular as actuacións de referencia, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019
O Director Xeral

Juan José Martín Álvarez

